

O Sindicato Labrego Galego (SLG) informa:

O día 18 de novembro o pleno do Parlamento de Galicia aproba a **Lei de Augas de Galicia**, publicada no DOG o 26 de novembro de 2010, que entrará en vigor o 26 de xaneiro de 2011.

Esta lei supón a xestión privada pola empresa *Augas de Galicia* de todas as competencias que en materia de augas ten a Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta lei supón a privatización de todas as augas de Galiza, poñéndolle prezo ao uso de todas as augas nazon en finca pública ou privada; sexa de subministro propio, da comunidade de veciños, do concello ou de empresa privada subministradora; sexa de pozos soterrados, de fontes ou do aproveitamento da chuvia; sexa doce ou salgada.

Crease un canon, un pago polo uso e consumo de todas as augas, que deberán pagar todas as vivendas e o resto de actividades, tamén a actividade agraria e gandeira.

As vivendas terán que pagar unha cota fixa de **1,50€** por persoa e mes, mais unha parte variable relacionada co consumo, cos seguintes tramos:

De 0 a 2 m ³	0,00 € por m ³ ao mes
De 2 a 4 m ³	0,28 € por m ³ ao mes
De 4 a 8 m ³	0,36 € por m ³ ao mes
Máis de 8 m ³	0,41 € por m ³ ao mes

As comunidades de veciños que xestionen as súas propias augas, legalmente constituídas, o coeficiente variable será de **0,10 €** por m³ ao mes.

Para os usos agrícolas ou gandeiros suxeitos ao canon: existe unha parte fixa de 2,50€ por contribuínte/mes e unha parte variable de 0,005€ m³. Os usos agrícolas, forestais e gandeiros **non estarán suxeitos ao canon sempre que non exista contaminación por fertilizantes, pesticidas ou materia orgánica**. Isto supón que a maior parte da actividade gandeira e agraria terá que pagar.

En todos os casos, de non existir contador de auga a empresa *Augas de Galicia* determinará o canon de oficio, usando o método de estimación directa.

NON A PRIVATIZACIÓN DA AUGA
A AUGA DEBE SER UN BEN PÚBLICO, UNIVERSAL E SOCIAL.
NON AO CANON DA AUGA

Para mais información pasa polo local do SLG en.....
rúa..... nº Ou chama ao teléfono: